

Protocolo de elaboración da composición de texto histórico na ABAU.

En base ás directrices dadas o 6 de febreiro de 2018 polo grupo de traballo de Historia de España da CIUG dirixido por Dona Carmen Saavedra (a continuación se expoñen as mesmas) procedo á elaborar unha guía para redatar dita proba partindo dun exemplo concreto.

“3. Composición histórica: valor ata 5 puntos

A rúbrica parte dos seguintes presupostos:

O que non se debe facer:

-limitarse a reproducir os documentos (paráfrase)

-non utilizar os documentos. O exercicio non ten como obxectivo responder a unha hipotética pregunta teórica, senón explicar unha realidade histórica partindo dos documentos e da información que os acompaña

O que se debe facer:

-utilizar os documentos na redacción (como mínimo citalos no texto redactado. Valoraranse referencias adicionais: datos ou argumentos que figuren neles)

-contextualizar os documentos (como mínimo incluír unha explicación básica sobre a etapa histórica na que se sitúan. Valoraranse referencias adicionais sobre a data de publicación e a orixe dos textos)

-analizar os documentos (como mínimo referirse a unha das ideas que figuren neles. Valorarase a introdución de ideas adicionais) -completar a información dos documentos (introducir contidos teóricos que teñan relación cos documentos e permitan responder as cuestións sinaladas no encabezamento da proba como “cuestións a atender”)

-desenvolver un fío argumental que permita relacionar os documentos entre si (seguir a orde das “cuestións a atender” ou desenvolver unha orde alternativa)

Moi deficiente (0-1) *Resposta en branco (0) A resposta é unha paráfrase dos documentos (1)*

Deficiente (1,5-2) *Resposta mestura paráfrase dos documentos con algunha xeneralidade (1,5) A resposta prescinde dos documentos, preséntase como a resposta a unha pregunta teórica (2)*

Aprobado (2,5-3) *A resposta trata parte das cuestións sinaladas na introdución, cita os documentos, contextualízaos parcialmente e fai algún comentario do seu contido. A redacción e a argumentación son correctas en liñas xerais.*

Notable (3,5-4) *A resposta desenvolve todas as cuestións sinaladas na introdución, cita e contextualiza ben os documentos e analiza parte do seu contido. A redacción é precisa e o texto está ben argumentado.*

Sobresaliente (4,5-5) *A resposta desenvolve con solvencia as cuestións sinaladas na introdución ou engade cuestións adicionais. Cítanse e contextualizan ben os documentos e faise un análise en profundidade deles. A redacción é precisa, o texto está ben argumentado e fai uso de vocabulario específico.”*

Composición de texto:

Doc1. Resultados das eleccións municipais en España:

Monárquicos	27.257*
Republicanos	24.411

(*) Número de concelleiros.

Doc2. Victoria KENT [deputada do Partido republicano radical sociales] Discurso nas Cortes. 1-10-1931.

É necesario que as mulleres que sentinos o fervor democrático, liberal e republicano pidamos que se aprace o voto da muller. Como se comprometeu a servir á República durante toda a súa vida, pide á Cámara que avive a súa conciencia liberal, aprazando o dereito pedido, porque entende que non é cuestión de capacidade, senón de oportunidade. Entende que para defender un ideal, a muller necesita a convivencia con ese ideal. A muller necesita ver que a República trouxo a España o que non soubo traer a Monarquía: escolas, laboratorios, etc. Cando dentro dalgúns anos funcionen esas 20.000 escolas que foron anunciadas, a muller será a máis ardente defensora da República. Afirma que non se pode medir ás mulleres españolas polo entusiasmo dalgunhas raparigas universitarias, tan entusiastas pola República. Si todas fosen así, eu levantariame a pedir o voto feminino.

Doc.2.-Constitución de 1931:

Art.1. España é unha República democrática de traballadores de toda clase, que se organiza en réxime de liberdade e de xustiza (...). A República constitúe un Estado integral, compatible coa autonomía dos municipios e das rexións (...).

Art.3.-O Estado español non ten relixión oficial (...).

Art.39. Os españois poderán asociarse ou sindicarse libremente (...).

Art.44. Toda a riqueza do país, sexa quen for o seu dono, está subordinada aos intereses da economía nacional (...). A propiedade de toda clase de bens poderá ser obxecto de expropiación forzosa por causa de utilidade social mediante adecuada indemnización (...). Cos mesmos requisitos a propiedade poderá ser socializada (...).

Art.48. A ensinanza primaria será gratuíta e obrigatoria. A ensinanza será laica (...).

Directrices para a realización desta proba:

1º Identificación da temática xeral dos documentos que se mencionará na introducción da composición:

Os seguintes documentos permitennos realizar una composición de texto histórico centrada na proclamación da Segunda República e o seu proceso constituínte (1931)

2ºA composición conservará a estrutura global de: **introducción; antecedentes** ao tema central dos documentos; **exposición do tema central** da proba con mencións documentais; **consecuencias**; mención a **Galicia** e por último **conclusión**.

3º No caso que nos ocupa como exemplo debemos identificar o tema concreto dos documentos a través da identificación da idea ou ideas principais dos mesmos (recordade que o tema central dos mesmos sempre está indicado no título dos documentos) e comprender como se relacionan entre eles e co tema xeral da vosa composición como paso previo á elaboración da mesma.

Neste caso **o primeiro documento** é una mostra dos concelleiros monárquicos e republicanos que saíron elexidos nas eleccións municipais do 12 de abril convocadas por Juan Bautista Aznar como primeiro paso para a volta ao sistema turnista trala dictadura de Primo de Rivera. Foron plantexadas como plebiscitarias polos asinantes do Pacto de San Sebastián e o resultado foi case de empate. Pero debido a que a vitoria monárquica foi principalmente no rural, onde todavía controlaban o voto grazas ao sistema corrupto dos caciques que asegurou a quenda durante a Restauración, foi interpretado polos monárquicos como una derrota e levou a proclamación da II República por mor do fervor popular o 14 de abril de 1931 e ao exilio de Alfonso XIII.

O **segundo documento** é una intervención de Victoria Kent (deputada escollida nas eleccións a Cortes constituíntes de xuño de 1931 en contra do sufraxio feminino debido a que o voto da muller, dadas as altas taxas de analfabetismo estaría controlado polos seus homes e polo clero e podería ir en contra dos intereses reformistas republicanos, polo tanto pide o seu aplazamento. Forma parte da polémica con Clara Campoamor defensora do sufraxio feminino que debemos enmarcar nos debates das Cortes durante a elaboración da Constitución de 1931.

O **terceiro documento** é un fragmento da Constitución de 1931 no que aparece o xérmolo das futuras reformas do Bienio reformista (1931-1933).

Art.1 A posibilidade dos estatutos de Autonomía na Reforma da Estrutura territorial do Estado.

Art. 3. Reforma do clero, separación da Igrexa e do Estado.

Art. 39. Reforma social de Largo Caballero.

Art. 44. Mención á posibilidade de expropiacións que vertebrará a Reforma agraria.

Art. 48. Reforma educativa.

Polo tanto é evidente que a relación entre os documentos propostos nos leva a compoñer un texto de tipo académico no que expliquemos como se instaura a II República a raíz das eleccións municipais de abril; cales son os retos do goberno provisional de Alcalá-Zamora centrándonos na necesidade de dotar a República dunha Consitución a través da convocatoria de eleccións a Cortes constituíntes para xuño de 1931; a vitoria nas mesmas das candidaturas prorreformistas e do PSOE; a Constitución resultante das mesmas con importantes novidades históricas como por exemplo o sufraxio feminino efectivo por primeira vez nas seguintes eleccións (as de 1933) e a separación da Igrexa e o Estado e a laicización da sociedade española, así como o inicio do proceso reformista que como ben sabedes se centra en cinco reformas vertebrais: educativa e do clero; reforma militar; reforma agraria; reforma da estrutura territorial do Estado e reforma social.

Nota 1: este paso da elaboración da composición é un paso que debe ser mental, non escrito, como moito facer un esquema nunha folla aparte, xa que a composición debe ter en conta estas cuestións pero integradas nun texto expositivo de carácter xeral.

4º Elaboración da composición propiamente dita. A tal efecto, e a modo de exemplificación, procederemos a elaborar unha mostra da proba resolta atendendo ás indicacións previas.

*Nota 2: é imprescindible que desenvolvedes unha serie de automatismos para a mención dos documentos que co tempo sexan rasgos identificativos do voso propio **ideolecto** (forma única e persoal da vosa expresión oral e escrita, o voso ADN lingüístico).*

Exemplos: en vez da anterior forma de mención documental (doc.1), (doc. 2.) etc. Utilizaremos formas como: cuxas ideais principais aparecen expostas no doc.1, a que fai mención o doc.1, reflectido no doc. 1, etc.

Composición resolta:

Os seguintes documentos permitennos a elaboración dunha composición de texto histórico centrada na proclamación da Segunda República e os seu proceso constituínte (1931).

Trala dimisión en xaneiro de 1930 de Primo de Rivera comezaba a ditabranda do xeneral Dámaso Berenguer a quen o rei encargoulle a restauración dun sistema parlamentario baseado de novo no sistema constitucional de 1876. Alfonso XIII perdera os apoios de moitos membros da oligarquía turnista por apoiar o pronunciamento de Primo de Rivera e tamén de moita parte do exército por permitir a disolución da arma de Arteria e aceptar a dimisión do ditador. A difícil situación económica derivada da crise do 29 contribuíu a aumentar o descontento. Destacan tamén os pronunciamentos a favor da Republica como o de Fermín Galán en Jaca e o de Queipo de Llano en Cuatro Vientos que fracasan.

No 1930 a unión de forzas antimonárquicas concretouse no Pacto de San Sebastián, no que non estaban nin o Partido Comunista Español (PCE) nin o PSOE. Decidiron constituír un Comité Revolucionario con Alcalá Zamora como presidente, co obxectivo de derrubar a monarquía. Ante a incapacidade de Berenguer o rei nomea a Juan Bautista Aznar, almirante de Marina, encargándolle a tarefa de convocar eleccións para restaurar o sistema liberal anterior a ditadura. A tal efecto convoca eleccións municipais como paso previo á convocatoria de eleccións xerais. As candidaturas do Pacto de San Sebastian concorren unidas ás eleccións municipais e as plantexan coma un plebiscito a favor da república. **O resultado destas eleccións do 12 de abril aparece reflectido no doc. 1 e foi un empate técnico entre as candidaturas monárquicas e republicanas en número de concelleiros pero cunha clara vitoria nos núcleos urbanos destes últimos, gañando os monárquicos nos concellos rurais onde a presenza e manipulación caciquil era aínda moi importante. Os monárquicos polo tanto interpretaron os resultados coma unha total derrota** e o Comité dá un ultimátum o rei que se exíla ese mesmo día e se exilia provocando un baleiro de poder. A II República polo tanto proclamouse o 14 de abril de 1931 dando paso a un goberno

provisional para cubrir o baleiro de poder composto polos dirixentes dos grupos asinantes do Pacto de San Sebastián e dirixido por Niceto Alcalá Zamora.

Este goberno provisional tivo que facer fronte a certas tarefas urxentes: negociar a renuncia dos nacionalistas cataláns, dirixidos por Francesc Macià, a declarar o estado catalán a cal logran a cambio dunha oferta rápida de tramitar un Estatuto de autonomía; frear as actitudes intransixentes do clero (actitudes antirrepúblicas do arcebispo de Toledo, Cardeal Segura o cal é expulsado) e dos anticlericais (queima de conventos) e convocar unhas eleccións a cortes constituíntes por sufraxio universal masculino activo e universal pasivo o que dá lugar a presenza das primeiras mulleres parlamentarias da historia de España. As eleccións deron a maioría ós grupos prorreformistas dos partidos centristas republicanos e PSOE. Como presidente do goberno os parlamentarios escollen a Niceto Alcalá Zamora (Derecha Liberal Republicana).

Unha das novidades principais foi a inclusión do debate sobre o sufraxio universal total que sintetiza a polémica entre as posturas de Clara Campoamor e de Victoria Kent, **cuxos argumentos aparecen mencionados no documento 2. Kent avogaba por pospoñer o voto feminino debido as altas taxas de analfabetismo e a influencia nas mulleres da sociedade patriarcal e do clero que podría orientar o voto en contra dos intereses reformistas republicanos e concedelo cando a reforma educativa conseguira implicar a muller no proxecto republicano como ela mesma menciona no documento: *cando dentro dalgúns anos funcionen esas 20.000 escolas que foron anunciadas, a muller será a máis ardente defensora da República*.** Finalmente a postura de Campoamor de defensa do sufraxio universal total acabaría por imponerse nas Cortes sendo ás seguintes eleccións (1933) as primeiras onde vota a muller e un factor da derrota, segundo o que a esquerda argumentaba, das candidaturas reformistas tal e como expuso Kent.

O doc 3. é precisamente un fragmento da Constitución de 1931 que definía a España como un estado democrático, laico (**art.1**) cun presidente de República, un goberno responsable ante o Congreso, sufraxio universal total, unha estrutura do territorio unitaria con posibilidade de estatutos de autonomía (**art 2**). Os debates constitucionais foron duros na cuestión da separación dos intereses da Igrexa e Estado (**art 3**), incluso chegaron a dimitir certos ministros e o presidente do goberno Niceto Alcalá Zamora. Este foi substituído polo Ministro de guerra Manuel Azaña (Izquierda Republicana).

As primeiras medidas do goberno resultante coñecido este período como Bienio reformista están implícitas no propio fragmento do texto constitucional e será a

reforma educativa e do clero impulsando a conversión de España nunha sociedade laica; a reforma agraria que trata de crear una clase media campesiña mediante as expropiacións referidas no **art. 44**; a reforma da estrutura territorial do Estado e a concesión de Estatutos de autonomía (**art 1**), a reforma social impulsada por Largo Caballero (**art. 39**) así como a reforma militar non referida en dito fragmento.

En Galicia destaca o apoio a República na cidade da Coruña e Pontevedra obtendo una abultada vitoria pero no ámbito rural debido a estrutura de pequenos propietarios e a influencia do clero a oposición á mesma comezou a medrar ata 1936.

A modo de conclusión cabe destacar relevancia histórica de moitas medidas republicanas que forman incluso parte do noso actual sistema constitucional como o sufraxio feminino ou a creación dos estatutos de autonomía. As reformas que se implantarán levarán a que a oligarquía, que perde parte do seu poder político e económico, comece a súa organización cara una nova vitoria electoral no Bienio Antirreformista e posteriormente á sublevación do 36.

Nota: a utilización da letra en negriña trata de destacar a forma de facer as referencias aos documentos propostos no exame dentro da composición que elaboramos.

Pablo Alonso de Vega

IES Sánchez Cantón, 6 de febreiro de 2018